

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### **VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN**

*ORDE do 9 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e o impulso da competitividade do sector artesán e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN201G).*

O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 27.17, atribúelle á nosa comunidade autónoma competencias exclusivas en materia de artesanía. A Lei 1/1992, do 11 de marzo, de artesanía de Galicia, establece o marco legal de actuación do sector artesán en virtude das citadas competencias e establece a creación do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia, de carácter público e voluntario, como instrumento que permite coñecer a dimensión de cada grupo artesanal e o alcance da acción administrativa circunscrita ao ámbito xeográfico da nosa Comunidade.

O Decreto 230/2020, do 23 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, indica que lle corresponden á Dirección Xeral de Comercio e Consumo a planificación, a coordinación e o control das competencias da vicepresidencia segunda e consellería en materia de artesanía e comercio.

A importancia das actividades artesanais en Galicia reside non só nun plano social ou cultural, co que se adoitan identificar, senón que constitúen actividades con capacidade de xeración de emprego e riqueza desde o punto de vista económico. Abranguen, ademais, unha lista longa de oficios que se traduce nunha oferta produtiva moi diversificada que pode responder de xeito eficaz ás exixentes demandas do mercado actual.

A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, consciente da importancia social, cultural, patrimonial e económica da artesanía galega, puxo en marcha o Plan de artesanía de Galicia, que desenvolveu unha estratexia de promoción, impulso e mellora da competitividade do sector. As liñas marcadas na folla de ruta do dito plan van máis alá da súa vixencia temporal, cunha visión a máis longo prazo, imprescindible para acadar un sector artesanal sólido e sustentable no tempo.



Por isto cómpre dar continuidade ás medidas de fortalecemento da comercialización da artesanía galega, que require, entre outras actuacións, o acceso a novos mercados tanto nacionais como internacionais, a apertura a clientes potenciais e á promoción das feiras sectoriais e de novas canles de comercialización da artesanía.

Cómpre, polo tanto, realizar unha nova convocatoria de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, co obxecto de impulsar accións de promoción comercial a través da participación en feiras e certames, así como a organización de eventos feirais para o fortalecemento da comercialización da artesanía galega a través dos obradoiros artesanais, concellos galegos e asociacións profesionais e empresariais de artesáns.

Con este fin, na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021 está consignado crédito por importe de 255.000,00 € nas aplicacións orzamentarias seguintes para atender as axudas da presente orde:

- 06.03.751A.770.3 130.000,00 €. Titulares de obradoiros artesáns.
- 06.03.751A.781.4 45.000,00 €. Asociacións profesionais e empresariais de artesáns/ áns.
- 06.03.751A.761.5 80.000,00 €. Concellos.

Segundo o exposto, en virtude das competencias que ten atribuídas a Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación en materia de artesanía, no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

DISPOÑO:

**Artigo 1. Convocatoria e bases reguladoras**

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases polas cales se rexerá a concesión das subvencións da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, en réxime de concorrencia competitiva, para o fomento da comercialización da artesanía galega e o impulso da competitividade do sector artesán (código de procedemento IN201G).

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas subvencións para o ano 2021.



3. A concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión, ao abeiro do establecido no artigo 25.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (en diante, Lei 9/2007).

4. Para a concesión destas subvencións destínase un crédito total de 255.000,00 €, que será imputado ás aplicacións orzamentarias seguintes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2021:

Aplicación orzamentaria	Importe (€)	Beneficiarias/os
06.03.751A.770.3. Comercialización da artesanía de Galicia. Obradoiros artesanís	130.000,00	Artigo 3.1 do anexo I
06.03.751A.781.4. Comercialización da artesanía de Galicia. Asociacións profesionais e empresariais de artesás/áns	45.000,00	Artigo 3.3 do anexo I
06.03.751A.761.5. Comercialización e promoción de feiras de artesanía de Galicia. Concellos	80.000,00	Artigo 3.2 do anexo I

Estas cantidades poderanse incrementar en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado:

a) Dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito.

b) Da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

O incremento do crédito quedará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se é o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

#### Artigo 2. *Solicitudes*

Para poder ser beneficiaria/o da subvención deberá presentarse unha solicitude dirixida á Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 5 das bases reguladoras.



**Artigo 3. Lugar e prazo de presentación das solicitudes**

1. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente pola vía electrónica, a través do formulario normalizado, anexo II, dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>

2. De conformidade co artigo 68.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, Lei 39/2015), se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela en que fose realizada a emenda.

3. Para a presentación electrónica poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/tramites-e-servizos/chave365>).

4. O prazo para presentar as solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houber día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

**Artigo 4. Prazo de duración do procedemento de concesión**

Unha vez finalizado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras, que non poderá ter unha duración superior a cinco meses, contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007.

**Artigo 5. Notificacións**

1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.



2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas practícaranse mediante a comparecencia na sede electrónica da Xunta de Galicia e a través do sistema de notificacións electrónicas de Galicia, Notifica.gal. Este sistema remitiralles ás persoas interesadas avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e entidades instrumentais do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico de Galicia poderán de oficio crear o indicado enderezo, para os efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

4. As notificacións entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido e rexeitadas cando transcorran dez días naturais desde a posta á disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

5. Se o envío da notificación electrónica non for posible por problemas técnicos, practícarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

#### Artigo 6. *Transparencia e bo goberno*

1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 15 da Lei 9/2007.

2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no título I da citada lei.



**Artigo 7. Información para as persoas interesadas**

Sobre este procedemento administrativo, que ten o código de procedemento IN201G, poderase obter información a través dos seguintes medios:

a) Páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación (<http://ceei.xunta.gal>), na súa epígrafe de axudas, ou <http://artesaniadegalicia.xunta.gal>

b) Na Guía de procedementos e servizos da Xunta de Galicia, no enderezo <https://sede.xunta.gal>

c) Nos teléfonos 881 99 91 78 e 981 54 55 99 da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

d) Nos teléfonos 881 99 91 71 ou 881 99 91 75 da Fundación Pública Artesanía de Galicia

e) Nos enderezos electrónicos [cei.dxcomercio@xunta.gal](mailto:cei.dxcomercio@xunta.gal) e [centro.artesania@xunta.gal](mailto:centro.artesania@xunta.gal)

Así mesmo, para cuestións xerais sobre este ou outro procedemento, poderá facerse uso do teléfono de información xeral da Xunta de Galicia: 012 (desde o resto do Estado: 902 12 00 12).

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

**Artigo 8. Recursos**

Contra a presente orde, que pon fin á vía administrativa, poderán interperse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

1. Recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.



2. Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Disposición adicional primeira. *Base de datos nacional de subvencións*

De conformidade co establecido na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, transmitírase a información necesaria á Base de datos nacional de subvencións.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Comercio e Consumo para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 9 de xullo de 2021

Francisco José Conde López  
Vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación

#### ANEXO I

### **Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e impulso da competitividade do sector artesán (código de procedemento IN201G)**

#### Artigo 1. *Obxecto e réxime das subvencións*

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto o fomento da comercialización da artesanía galega a través do apoio aos obradoiros artesanais, concellos galegos e asociacións profesionais e empresariais de artesás/ans (código de procedemento IN201G).

2. O procedemento de concesión destas subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva. Así mesmo, quedará suxeito ao réxime de axudas *de minimis* (agás no caso dos concellos), polo que non poderán exceder os límites cuantitativos de 200.000 €



nun período de tres anos establecidos no Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 24.12.2013, L352/1).

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29.1 da Lei 9/2007, consideraranse subvencionables os gastos e investimentos que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actuación subvencionada.

4. En concreto, considéranse actuacións subvencionables as previstas no artigo 4, sempre que estas sexan realizadas e efectivamente pagadas desde o 1 de xaneiro de 2021 ata a data límite de xustificación establecida no artigo 20. Así mesmo, excepcionalmente considérase subvencionable a organización e participación en feiras do período do Nadal 2020/21 e os gastos efectuados desde o 1 de novembro ata o 31 de decembro de 2020 derivados destas.

#### Artigo 2. *Financiamento e concorrencia*

Para a concesión destas subvencións destínase un crédito total de 255.000,00 €, que será imputado ás aplicacións orzamentarias seguintes dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2021:

– 06.03.751A.770.3: 130.000,00 €.

– 06.03.751A.781.4: 45.000,00 €.

– 06.03.751A.761.5: 80.000,00 €.

As ditas aplicacións orzamentarias están financiadas por fondos propios libres.

A natureza desta subvención xustifica realizar pagamentos anticipados aos titulares de obradoiros e ás asociacións profesionais e empresariais de artesáns que así o soliciten, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes a ela de ata un 50 % da subvención concedida, nos termos establecidos no artigo 6.

A concesión das subvencións queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.





O importe da subvención regulada nesta orde en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras axudas das distintas administracións ou calquera dos seus entes públicos e privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total do investimento subvencionable.

As subvencións previstas nesta orde serán incompatibles con calquera outra das reguladas por esta consellería e entes dependentes para os mesmos conceptos subvencionables e mesma persoa beneficiaria.

### Artigo 3. *Persoas beneficiarias*

Poderán ser persoas beneficiarias das subvencións, sen prexuízo de reuniren os demais requisitos establecidos nestas bases e sempre que nas persoas solicitantes non conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, as persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, legalmente constituídas e que, en todo caso, cumpran ademais os seguintes requisitos:

1. Titulares de obradoiros artesanais, xa sexan persoas físicas ou xurídicas ou comunidades de bens, inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. No caso de novos obradoiros, terán de termo ata o último día de prazo para a presentación da solicitude de subvención para solicitar a inscrición no dito rexistro.

2. Asociacións profesionais e empresariais de artesás/áns de Galicia legalmente constituídas das cales cando menos o 90 % dos seus membros, cun mínimo de 10, figuren inscritos na Sección Segunda (obradoiros artesáns) do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

3. Concellos da Comunidade Autónoma de Galicia. Os concellos deberán cumprir co deber de remisión das contas xerais de cada exercicio ao Consello de Contas, nos termos previstos no artigo 4 do Decreto 139/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

Primaranse aqueles concellos que coordinen as súas solicitudes e compartan ou mancomunen obras ou servizos, dando cumprimento así ao Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 28 de febreiro de 2013, polo que se aproban os criterios aplicables ás axudas e subvencións destinadas ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para primar proxectos de xestión compartida e incentivar procesos de fusión municipal.



**Artigo 4. Actuacións subvencionables****1. Actuacións de comercialización física subvencionables.****1) Titulares dos obradoiros artesanais**

Considéranse actuacións subvencionables a participación como expositora/or en feiras ou eventos de interese artesanal, nacionais ou internacionais:

- a) Feiras profesionais de artesanía.
- b) Feiras non profesionais.
- c) Feiras profesionais e non profesionais do período do Nadal 2020/21.

As ditas feiras deberán ter indubidable interese comercial para o sector artesanal galego.

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá solicitar un informe da Fundación Pública Artesanía de Galicia ou unha certificación das asociacións profesionais de artesás/áns de Galicia máis representativas que acrediten estas calidades.

Non se considerará subvencionable a participación en feiras cuxa organización sexa subvencionada ás asociacións profesionais e empresariais de artesás/áns, concellos ou que contén cunha axuda financeira da Fundación Pública Artesanía de Galicia.

A axuda consistirá en tickets de impulso á comercialización se non dispoñen da documentación acreditativa da actividade realizada, que terán as seguintes modalidades:

a) Ticket de feira profesional cun importe máximo de axuda cada un de: 500,00 €, 1.000,00 €, 1.500,00 €, 2.000,00 € e 3.000,00 € (IVE excluído), cun máximo de 6 tickets por obradoiro. Os tickets concederanse unicamente para a participación en feiras cuxo investimento subvencionable (sen IVE) sexa igual ou superior ás anteditas cantidades.

A porcentaxe subvencionable por cada feira acadará o 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído).

b) Ticket de feira non profesional cun importe máximo de axuda cada un de: 400,00 € e 750,00 € euros (IVE excluído), cun máximo de 6 tickets por obradoiro. Os tickets concede-



ránse unicamente para a asistencia a feiras cuxo investimento subvencionable (sen IVE) sexa igual ou superior ás anteditas cantidades. Quedan excluídas as feiras do período de Nadal 2020/21.

A porcentaxe subvencionable por cada feira acadará o 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído).

Dado que a asistencia a feiras do período de Nadal 2020/21 para as cales se solicite subvención xa se realizou ao tempo da presentación da solicitude, deberá presentarse a documentación sinalada no artigo 5, alínea 1.3.1, xunto con esta solicitude.

O importe máximo de axuda para estas feiras de Nadal será do 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído), cun máximo de 1.500,00 € por cada unha e cun límite de 3 feiras para este período.

Así mesmo, se xa se asistiu a algunha feira a que se refiren as alíneas a) e b) e, polo tanto, xa se conta coa documentación xustificativa que así o acredite, o solicitante poderá substituír a solicitude de ticket pola antedita documentación do artigo 5, alínea 1.3.1, o que sinalará no anexo II.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas estas actuacións subvencionables non poderá superar 8.000,00 €, IVE excluído.

O pagamento do ticket realizarase unha vez que se xustifiquen os gastos nos termos do artigo 20, sempre que se xustifique, como mínimo, o 40 % do importe do ticket concedido.

## 2) Concellos

Considéranse actuacións subvencionables a organización e celebración de feiras ou eventos de interese artesanal:

a) Feiras monográficas cuxo obxectivo sexa a venda e posta en valor de produtos dun mesmo oficio tradicional.

A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído), cun máximo de 15.000,00 € de subvención por feira.



b) Feiras non monográficas de distintos oficios.

A porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído). O importe máximo de subvención será de 3.000,00 € por feira se contan cun mínimo dun 80 % de expositores sobre o total de postos, de produtos artesanais inscritos na Sección Segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesáns). O importe máximo de subvención será de 1.500,00 € por feira para as que contan cun mínimo do 40 % de expositores mencionados na alínea anterior.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá superar os 15.000,00 €.

3) Asociacións profesionais e empresariais de artesáns.

Considéranse actuacións subvencionables:

A organización de feiras de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma de distintos oficios e que contan cun mínimo dun 80 % de expositores (sobre o total de postos) de produtos artesanais inscritos na Sección Segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesáns).

– De 10 a 20 expositores: a porcentaxe acadará o 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído), cun máximo de 10.000,00 €.

– De 21 a 29 expositores: a porcentaxe acadará o 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído), cun máximo de 12.000,00 €.

– Mais de 30 expositores: a porcentaxe subvencionable acadará o 80 % do investimento subvencionable (IVE excluído), cun máximo de 15.000,00 €.

O importe máximo de subvención para o conxunto de todas as actuacións subvencionables non poderá superar os 30.000,00 €.

2. Gastos subvencionables:

a) Son gastos subvencionables para a asistencia a feiras como expositor/a:

– Os que ocasionen o alugamento do espazo expositivo que se contrata.



– Os seguros e aqueles servizos de carácter básico e obrigatorios sinalados polo regulamento da feira.

– O transporte do material expositivo realizado por un transportista profesional.

– No caso de feiras internacionais, os servizos de tradución e de transporte realizados por un transportista profesional.

b) Son gastos subvencionables para a organización de feiras:

– A infraestrutura e os servizos propiamente feirais.

– A publicidade

En todo caso, no suposto dos concellos, os gastos subvencionables deberán cumprir o establecido no artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidade locais galegas.

3. Non se consideran gastos subvencionables:

a) Gastos derivados da participación en feiras: construción das casetas, seguros non obrigatorios, vixilancia, contratación de persoal de atención ao público, de intérpretes (coas excepcións recollidas nos puntos anteriores), axudas de custo de manutención, desprazamentos, aloxamento e publicacións.

b) Organización e celebración de feiras: gastos derivados de seguros non obrigatorios, axudas de custo de manutención, desprazamentos e aloxamento, regalos promocionais e a realización de cócteles e actos análogos, gastos de persoal propio da entidade de que se trate, así como calquera outro gasto derivado da súa actividade habitual.

c) Organización, celebración e participación de feiras de carácter gastronómico, turístico e festivais musicais.

d) Segundo o artigo 29.8 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.



e) Aqueles que non estean directamente vinculados coa realización da actuación subvencionable e/ou directamente relacionada coa cualificación dos obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

En ningún caso o custo da adquisición dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

**Artigo 5. Solicitudes e documentación complementaria necesaria para tramitar o procedemento**

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indican no artigo 3 da orde de convocatoria.

As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude, anexo II, a seguinte documentación:

1.1. Asociacións profesionais e empresariais de artesás/áns

a) Anexo V.

b) Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e, se for o caso, modificación deles, debidamente legalizados. A referida documentación deberá acreditar que o seu obxecto social abrangue a actividade para a cal se solicita a subvención.

c) Documento acreditativo de poder bastante para actuar ante a Administración da persoa representante legal da entidade solicitante ou poderá achegar, debidamente cuberto e asinado, o modelo de representación para procedementos ante a Xunta de Galicia que figura na sede electrónica.

d) Se for o caso, documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE).

e) Certificado expedido pola persoa que exerza a secretaría ou representación da asociación profesional e/ou empresarial de artesás/áns que acredite a relación de persoas asociadas que a integran, con indicación do seu NIF correspondente.

1.2. Concellos

a) Anexo V.



b) Xustificante de que se encontra ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia, de acordo co previsto no artigo 4.1 do Decreto 193/2011, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.

c) Declaración do concello de estar ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda (anexo II).

1.3. Documentación común para todas/os as/os solicitantes, segundo o caso:

1.3.1. Para a participación en actuacións de comercialización física (titulares de obradoiros).

– No caso de que o titular do obradoiro solicite feiras das cales xa dispón de documentación, achegará, xunto coa solicitude (anexo II), a documentación xustificativa segundo o artigo 20 (facturas, xustificantes dos pagamentos, certificación expresa de participación no certame e documentación gráfica que acredite o cumprimento da utilización de logos e sinaléticas). A Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá solicitar certificación da Fundación Pública Artesanía de Galicia que acredite o indubidable interese comercial para o sector artesanal.

1.3.2. Para a organización de actuacións de comercialización física (concellos e asociacións profesionais e empresariais de artesás/áns)

– Memoria explicativa do evento (anexo V) en que consten os seguintes aspectos: datas de celebración, horario e lugar; número de edición, relación de expositores e de obradoiros artesáns en que se indicará o NIF do obradoiro ou, se for o caso, do seu responsable para os efectos da súa consulta no RXAG; relación de oficios convocados. No caso de feiras en que ao remate do prazo de presentación de solicitudes aínda non teñan data de convocatoria ou de apertura do prazo de inscrición, presentarase unha relación de estimación de expositores e de obradoiros artesáns inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia que se prevén que poidan participar.

– Bosquexo do recinto feiral; infraestrutura do recinto con servizos con que conta e características das casetas; campaña publicitaria que se vai realizar para a difusión do evento e calquera outro aspecto relacionado coa feira.



A Dirección Xeral de Comercio e Consumo solicitará un informe á Fundación Pública Artesanía de Galicia que acredite o carácter subvencionable do evento.

1.3.3. Para todas e respecto de cada unha das actuacións solicitadas:

a) Facturas ou, na súa falta, facturas *pro forma* ou orzamento detallado de gastos previstos para a realización de cada unha das actividades ou adquisicións para as cales se solicita subvención. Non terán a consideración de orzamentos as estimacións de gastos realizadas pola persoa solicitante e que carezan do soporte da oferta do provedor ou tarifa oficial do gasto nin se admitirán aqueles orzamentos que non presenten a suficiente desagregación para determinar o carácter subvencionable dos conceptos relacionados nel.

Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, para o contrato menor, a persoa beneficiaria deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, agás que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren ou agás que o gasto se realizase con anterioridade á solicitude da subvención.

A elección entre as ofertas presentadas, que deberá achegarse na xustificación, realizárase de conformidade con criterios de eficiencia e economía e deberá xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. Considerando o anterior, deberá achegarse a documentación disposta nos parágrafos seguintes:

1. Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detallados dos investimentos sobre os cales se solicita a axuda, obtidos dos provedores seleccionados pola persoa solicitante, con independencia da contía dos investimentos.

2. Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionados pola persoa solicitante para a realización do proxecto.

3. Memoria económica xustificativa da elección dos provedores nos seguintes casos:

– Cando a elección do provedor non recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a persoa solicitante.





– Cando polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do proveedor recaia na oferta económica máis vantaxosa das tres que, como mínimo, obtivo a persoa solicitante.

b) No caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica, deberán constar expresamente (anexo IV, declaración-compromiso para os efectos do sinalado no artigo 8.3 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para o procedemento IN201G 2021) os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación e o importe de subvención que se aplicará por cada un, que terán igualmente a consideración de persoas beneficiarias. Deberá nomearse unha persoa representante única da agrupación, con poderes suficientes para cumprir as obrigas que corresponden á agrupación. Non se poderá disolver ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 63 da Lei de subvencións de Galicia.

2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria presencialmente, será requirida para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que fose realizada a emenda.

3. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o exixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, a Administración poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas pola persoa interesada, para o cal poderán requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

4. De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa fosen presentados anteriormente pola persoa interesada ante calquera Administración. Neste caso, a persoa interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os ditos documentos, que serán obtidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados para o efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da persoa interesada.



De forma excepcional, se non se puidesen obter os citados documentos, poderáselle solicitar a súa achega novamente á persoa interesada.

5. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente, se se dispón del.

6. No caso de que algún dos documentos que se presente de forma electrónica supere os tamaños máximos establecidos ou teña un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a súa presentación de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.

7. Para os efectos sinalados no artigo 11 destas bases achegarase, se é o caso, a seguinte documentación que, en ningún caso, será obxecto de requirimento:

– Acreditación da participación e/ou organización de cursos de formación nos últimos 12 meses á data do inicio da presentación da solicitude desta convocatoria.

– Acreditación de páxina web ou sitio da internet e redes sociais para uso comercial.

#### Artigo 6. *Pagamento anticipado*

1. Os titulares de obradoiros e as asociacións profesionais e empresariais de artesáns poderán solicitar o pagamento anticipado, que suporán entregas de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para poder levar a cabo as actuacións inherentes á subvención de ata un 50 % da subvención concedida, coa obriga de constituír garantía no caso de subvencións superiores a 18.000,00 euros, nos termos previstos a continuación.

2. A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario de entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, que deberá alcanzar, como mínimo, ata os dous meses seguintes á finalización do prazo de xustificación previsto nas bases reguladoras ou na convocatoria.

3. A garantía deberá cubrir o 110 % do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas, calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria.



4. Unicamente serán admisibles as garantías presentadas por terceiros cando o fiador preste fianza con carácter solidario, renunciando expresamente ao dereito de excusión.

5. O avalista ou asegurador será considerado parte interesada nos procedementos que afecten directamente a garantía prestada nos termos previstos na Lei 39/2015.

6. As garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de economía e facenda.

A concesión do anticipo realizarase mediante resolución motivada do órgano correspondente.

En ningún caso poderán realizarse pagamentos anticipados a persoas beneficiarias cando se solicitase a declaración de concurso, fosen declaradas insolventes en calquera procedemento ou se encontren declaradas en concurso, salvo que este adquirise a eficacia dun convenio, estean suxeitas a intervención xudicial ou fosen inhabilitadas conforme a Lei 22/2003, do 9 de xullo, concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

#### Artigo 7. *Comprobación de datos*

1. Para tramitar este procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos en poder da Administración actuante ou elaborados polas administracións públicas, agás que a persoa interesada se opoña á súa consulta:

- DNI ou NIE da persoa solicitante.
- DNI ou NIE da persoa representante.
- NIF da entidade solicitante.
- NIF da entidade representante.
- Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT.
- Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social.
- Certificado de estar ao día no pagamento das débedas coa Administración pública da Comunidade Autónoma.



- Consulta de concesións de subvencións e axudas.
- Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.
- Consulta de concesións pola regra *de minimis*.

2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario que corresponda e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable, solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

#### Artigo 8. *Órganos competentes*

A Dirección Xeral de Comercio e Consumo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, así como para realizar a proposta de resolución ao vicepresidente segundo e conselleiro, e corresponderalle ao vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación ditar a resolución que corresponda, sen prexuízo da delegación noutros órganos.

#### Artigo 9. *Instrución dos procedementos*

1. De conformidade co establecido no artigo 68 da Lei 39/2015, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria, será requirida a entidade interesada para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixese, se terá por desistida na súa petición, logo da correspondente resolución.

Este requirimento de emenda tamén se fará se das certificacións obtidas de conformidade co artigo 7 resulta que a entidade solicitante non está ao día no pagamento das súas obrigas tributarias co Estado, coa Comunidade Autónoma ou coa Seguridade Social, ou no suposto de que sexa necesario achegar calquera outra documentación, logo de aplicarse o disposto na liña d) do artigo 53.1 da Lei 39/2015.



2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da Lei 39/2015, os requirimentos citados de emenda ou emenda poderanse facer mediante publicación no DOG e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro electrónico de anuncios da páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG, e poderase facer indicación de que os seguintes actos administrativos deste procedemento serán notificados a través do citado taboleiro. Se a instrución do procedemento o aconsellase, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web pola notificación individualizada, de conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015.

3. Sen prexuízo do disposto nos parágrafos anteriores, poderá requirirse a entidade solicitante para que xunte cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para tramitar e resolver o procedemento.

4. Unha vez revisadas as solicitudes e feitas as emendas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

5. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal se indicarán as causas desta.

#### Artigo 10. *Comisión de Valoración*

1. A Comisión de Valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propor a concesión ou denegación das subvencións ás persoas interesadas.

Para os efectos de valorar as solicitudes e propor as persoas solicitantes con dereito a obter a subvención, a Comisión de Valoración aplicará os criterios de valoración para determinar a concorrencia competitiva entre as persoas solicitantes das actuacións definidas no artigo 4.

Na proposta de concesión que formule a Comisión figurarán de xeito individualizado as persoas solicitantes propostas para obter a subvención, e especificarase a avaliación que



lles corresponde segundo os criterios recollidos no artigo seguinte. Así mesmo, indicárase o importe da subvención para cada unha delas ata esgotar o crédito dispoñible.

2. O resto das actuacións subvencionables quedará en reserva para ser atendidas ben co crédito que quedase libre de producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente subvencionados, ben co incremento dos créditos orzamentarios destinados a estas subvencións. Para estes efectos, poderán realizarse sucesivas propostas de resolución conforme o sinalado neste artigo.

3. A composición da Comisión de Valoración será a seguinte:

- Presidencia: subdirector/a da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

- Vogais:

Unha/un xefa/e de servizo da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Unha/un xefa/e de sección da Dirección Xeral de Comercio e Consumo.

Unha/un funcionaria/o da Dirección Xeral de Comercio e Consumo, que fará as funcións de secretaria/o.

#### Artigo 11. *Criterios de valoración*

Os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da contía e da preferencia na concesión das subvencións relacionados por orde decrecente serán os seguintes:

Obradoiros artesanais:

1. Feiras profesionais nacionais e celebradas no estranxeiro: asistencia a un certame: 3 puntos; asistencia a dous ou máis: 4 puntos.

2. A persoa titular do obradoiro, sexa artesán/á mozo/a, ata os 35 anos inclusive, ou muller: 2 puntos.

3. Estar adherido o obradoiro ao Sistema arbitral de consumo: 1 punto.



4. Exercer a actividade nun municipio de menos de 5.000 habitantes: 2 puntos.
5. Por estar adherido ao programa do e-ticket dixital posto en marcha pola Xunta de Galicia en colaboración coa Federación Galega de Comercio: 2 puntos.
6. Acreditación da participación en cursos de formación nos últimos doce meses á data do inicio de presentación de solicitudes desta convocatoria, impartidos ou organizados polas asociacións profesionais de artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia ou pola Fundación Pública Artesanía de Galicia: 1 punto por asistencia a un curso; 2 puntos por asistencia a dous cursos e 3 puntos por asistencia a tres ou máis cursos.
7. Páxina web, perfís en redes sociais de uso comercial (Facebook, Twitter, Instagram...): 2 puntos.
8. Pola achega completa da documentación xunto coa solicitude sen necesidade de requirimento posterior: 1 punto.

Concellos:

1. Grao de consolidación da feira:
  - a) Feiras cun número de entre 5 e 14 edicións, incluíndo a edición en curso: 1 punto.
  - b) Feiras cun número de entre 15 e 20 edicións, incluíndo a edición en curso: 2 puntos.
  - c) Feiras cun número de entre 21 e 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 3 puntos.
  - d) Feiras con máis de 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 4 puntos.
2. Número de expositores de produtos artesanais inscritos na Sección Segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesanais):
  - a) Feiras cun número de expositores entre 10 e 20: 2 puntos.
  - b) Feiras cun número de expositores entre 21 e 30: 3 puntos.
  - c) Feiras cun número de expositores superior a 30: 4 puntos.

CVE-DOG: rgzdo4m1-ocw9-tsl2-g2w8-0g7swlcbzav4



3. Feiras que inclúan no seu programa demostración de oficios artesanais en vivo: 2 puntos.

4. Concellos que coordinen as súas solicitudes e compartan ou mancomunen obras ou servizos mediante a fusión de concellos: 3 puntos.

5. Concellos que coordinen as súas solicitudes e compartan ou mancomunen obras ou servizos mediante outras fórmulas: 1 punto.

6. Pola achega completa da documentación xunto coa solicitude sen necesidade de requirimento posterior: 1 punto.

Os criterios de valoración acreditaranse a través do formulario contido no anexo V.

Asociacións profesionais e empresariais de artesáns:

1. Participación en feiras profesionais nacionais e celebradas no estranxeiro: asistencia a un certame: 3 puntos; asistencia a dous ou máis: 4 puntos.

2. Grao de consolidación da feira:

a) Feiras cun número de entre 15 e 20 edicións, incluíndo a edición en curso: 2 puntos.

b) Feiras cun número de entre 21 e 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 3 puntos.

c) Feiras con máis de 25 edicións, incluíndo a edición en curso: 4 puntos.

3. Número de expositores de produtos artesanais inscritos na Sección Segunda do Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia (obradoiros artesáns):

a) Feiras cun número de expositores entre 10 e 20: 2 puntos.

b) Feiras cun número de expositores entre 21 e 30: 3 puntos.

c) Feiras cun número de expositores superior a 30: 4 puntos.





4. Feiras que inclúan no seu programa demostración de oficios artesanais en vivo realizados por artesáns inscritos na Sección Segunda do Rexistro Xeral da Artesanía de Galicia (obradoiros artesáns): 2 puntos.

5. Acreditación da organización de cursos de formación nos últimos doce meses á data do inicio de presentación de solicitudes desta convocatoria, impartidos ou organizados polas asociacións profesionais de artesáns da Comunidade Autónoma de Galicia: 1 punto por organización dun curso, 2 puntos por dous cursos e 3 puntos por tres ou máis cursos.

6. Pola achega completa da documentación xunto coa solicitude sen necesidade de requirimento posterior: 1 punto.

Os criterios de valoración acreditaranse a través do formulario contido no anexo V e informe da Fundación Pública Artesanía de Galicia.

Unha vez esgotado o crédito dispoñible, no caso de que máis dunha solicitude obtivese a mesma puntuación, o desempate realizarase seguindo a puntuación acadada nas diferentes epígrafes por orde decrecente.

No suposto de que persista o empate, atenderase á data e hora de presentación das solicitudes.

#### Artigo 12. *Audiencia*

1. Instruído o procedemento, e inmediatamente antes de redactar a proposta de resolución, porase de manifesto ás persoas interesadas para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que consideren pertinentes.

2. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos nin outras alegacións ou probas que as aducidas polas persoas interesadas.

#### Artigo 13. *Resolución e notificación*

1. Unha vez concluído o trámite de audiencia, o/a instrutor/a formulará a proposta de resolución, que se elevará, a través do órgano instrutor, á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.



2. A persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación, á vista da proposta, ditará a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e expresará, cando menos, a actuación que se subvenciona e o seu custo, así como a subvención concedida e a súa contía ou, se é o caso, a causa de denegación.

A dita resolución será publicada na web <http://ceei.xunta.gal> e notificada ás persoas beneficiarias, de acordo co establecido na Lei 39/2015. Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 45.1.b) da mesma lei, poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo da actividade que desenvolverá a persoa beneficiaria ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ás persoas interesadas será de cinco meses contados a partir do día seguinte ao do remate do prazo de presentación de solicitudes. Se transcorre o prazo máximo para resolver sen que se dite resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo, de conformidade co artigo 23.5 da Lei 9/2007.

2. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 39/2015.

Nesa notificación comunicarase o importe concedido, expresado en equivalente bruto de subvención, e o seu carácter de axuda *de minimis*, en aplicación do Regulamento (UE) nº 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE do 24.12.2013, L352/1).

As resolucións de inadmisión ou desestimación de solicitudes notificaranse individualmente, con indicación das súas causas. Non obstante, poderase substituír a dita notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que as persoas non beneficiarias consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.



**Artigo 14. Réxime de recursos**

As resolucións ditadas ao abeiro desta orde porán fin á vía administrativa e contra elas poderán interporse os seguintes recursos, sen prexuízo de que as entidades interesadas poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa. Se a resolución non for expresa, a persoa solicitante e outras posibles persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que a resolución debería ter sido ditada.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

**Artigo 15. Modificación da resolución**

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

2. O órgano competente para a concesión das subvencións poderá acordar a modificación da resolución por instancia da persoa beneficiaria e deberá cumprir os seguintes requisitos:

a) Que a actividade, conduta ou modificación do proxecto estea comprendida dentro da finalidade da presente orde.

b) Que se acredite a inexistencia de prexuízo a terceiros.

c) Que os novos elementos e as circunstancias que motiven a modificación, de concorreren na concesión inicial, non superían a denegación da axuda ou subvención.

3. A persoa beneficiaria deberá solicitar esta modificación mediante instancia dirixida á persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Inno-



vación, xunto coa documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos sinalados no punto anterior, cun límite de vinte (20) días hábiles antes da data de finalización do prazo de xustificación do investimento subvencionado, sen prexuízo do disposto no artigo 59 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

4. O acto polo que se acorde ou se denegue a modificación da resolución será ditado polo vicepresidente segundo e conselleiro de Economía, Empresa e Innovación, logo da instrución do correspondente expediente, no cal se dará audiencia á persoa interesada no termos previstos no artigo 9 destas bases.

#### Artigo 16. *Renuncia*

A renuncia á subvención, debidamente motivada, poderase facer por calquera medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 94 da Lei 39/2015.

A persoa titular da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 21.1 da mesma lei.

#### Artigo 17. *Obrigas das persoas beneficiarias*

Son obrigas das persoas beneficiarias:

1) Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

2) Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determinen a concesión ou o desfrute da subvención.

3) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedente, así como a calquera outra actuación que sexa de comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal achegarán tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

4) Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas, especificando aquelas



axudas *de minimis* obtidas para os efectos de poder comprobar o cumprimento do límite cuantitativo a que fai referencia o artigo 1.2 destas bases. Así mesmo, comunicar a modificación das circunstancias que fundamentasen a concesión da subvención.

5) Acreditar con anterioridade a se ditar a proposta de resolución de concesión que está ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma galega, nos termos previstos no artigo 11 da Lei 9/2007.

6) Conservar os investimentos subvencionados coa axuda outorgada e a aplicación dos fondos recibidos durante un período de dous anos desde a súa concesión.

7) Dispor dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á persoa beneficiaria en cada caso.

8) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da dita lei.

9) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos mentres poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

10) En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 a que estean vinculadas, logo de requirimento, toda a información necesaria para que aquela cumpra as obrigas previstas no título I da citada lei.

#### Artigo 18. *Obrigas específicas de publicidade*

As persoas beneficiarias deberán dar a axeitada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3 da Lei 9/2007. En concreto, as persoas beneficiarias de axudas deberán facer constar o cofinanciamento das actuacións con fondos da Xunta de Galicia.

En todo caso, as persoas beneficiarias de actuacións de artesanía quedan obrigadas a dar publicidade suficiente da axuda e deberán incluír en cada unha das actuacións a



publicidade da Xunta de Galicia e da marca de Artesanía de Galicia, de acordo coas instrucións contidas no documento correspondente dispoñible na <https://ceei.xunta.gal/recursos/axudas-e-subvencions/direccion-xeral-de-comercio-e-consumo>, na epígrafe desta axuda.

A dita publicidade deberá colocarse nun lugar ben visible para o público e deberá manterse en perfectas condicións durante o período da actuación, segundo as condicións e características previstas no punto anterior.

O incumprimento desta obriga de publicidade producirá a perda do dereito ao cobramento total da subvención, así como o reintegro total das cantidades percibidas e a existencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

#### Artigo 19. *Subcontratación*

Enténdese que unha persoa beneficiaria subcontrata cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Queda fóra deste concepto a contratación daqueles gastos en que teña que incurrir a persoa beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

Será de aplicación o disposto nos artigos 27 da Lei 9/2007 e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.

Faise especial indicación de que as persoas ou entidades subcontratadas non poderán estar vinculadas coa entidade solicitante, salvo que concorran as seguintes circunstancias:

1ª) Que a contratación se realice de acordo coas condicións normais de mercado.

2ª) Que se solicite e se conceda a súa autorización previa (a solicitude de autorización e a súa xustificación presentaranse xunto coa solicitude de subvención).

#### Artigo 20. *Xustificación da subvención*

1. O pagamento da subvención quedará condicionado á presentación, nos lugares sinalados no artigo 3 da convocatoria e ata o 30 de outubro de 2021, dunha copia da seguinte documentación:

a) Xustificantes dos investimentos: facturas dos provedores e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil e con eficacia administrativa, nos



termos que se establezan regulamentariamente (importe sen IVE e importe total), en relación cos gastos subvencionables, emitidas dentro do período comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite de xustificación do proxecto.

Os gastos xustificaranse con facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa, pagados, en orixinal ou copias auténticas electrónicas.

Cando a persoa beneficiaria non dispoña de facturas electrónicas para a xustificación da subvención, deberá achegar unha copia auténtica electrónica dos documentos orixinais en papel de acordo cos procedementos que establece a normativa vixente.

Non obstante, no presente procedemento admitiranse os documentos en papel ou copias debidamente compulsadas debido a circunstancias funcionais e/ou tecnolóxicas derivadas da implantación progresiva por parte da Administración xeral da Comunidade Autónoma en relación coa organización da emisión das copias auténticas electrónicas.

b) Xustificación dos pagamentos: acreditarase a través de transferencia bancaria, certificación bancaria ou extracto de pagamento comprendido entre a data de inicio do proxecto e a data límite da xustificación do proxecto. Nestes documentos deberán quedar claramente identificados o receptor e o emisor do pagamento. Non se admitirán os pagamentos en efectivo.

Así mesmo, non se admitirán como xustificantes os obtidos a través da internet se non están validados pola entidade bancaria ou non dispoñen de códigos para a súa verificación por terceiros na sede electrónica da dita entidade bancaria.

c) Anexo III (declaración doutras axudas) debidamente asinado.

d) Achega da documentación gráfica que acredite o cumprimento da utilización de logotipos e sinaléticas exixidos para cada unha das axudas concedidas de acordo co artigo 18.

e) Calquera outro documento que se requira na resolución particular de concesión da axuda.



2. En concreto, para os titulares de obradoiros artesanais e asociacións profesionais de artesanais:

a) No caso de que as persoas se opoñan expresamente á consulta dos datos, certificacións expedidas polos organismos competentes, acreditativas de estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma. Se o certificado dispón de código electrónico de verificación coa Administración pública correspondente, poderá presentarse o dito documento sen compulsar.

b) A xustificación de asistencia a feiras e eventos de interese artesanal farase efectiva mediante a certificación expresa de participación no certame no período prefixado emitida pola institución ou entidade organizadora.

c) Documentación que acredite, se for o caso, a non admisión nas feiras solicitadas.

3. En concreto, para os concellos:

– Certificación do órgano que ten atribuídas as facultades de control da legalidade, acreditativa do cumprimento da normativa de contratación pública vixente na tramitación do procedemento de contratación.

– Certificación da Intervención respecto da achega municipal comprometida para financiar o investimento.

– As entidades locais beneficiarias estarán obrigadas a xustificar o cumprimento da finalidade da subvención mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada, con carácter xeral, pola documentación que se relaciona nos artigos seguintes e que incorporará, en todo caso, a certificación da Intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida.

No caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e prace da/o alcaldesa/e ou presidenta/e, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención en que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:

1º. O cumprimento da finalidade da subvención.





2º. Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación da/do acreedora/or, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras e sen prexuízo do previsto na letra c) deste mesmo artigo, non será exixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2.b) do Regulamento da Lei 9/2007, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado de taxadora/or independente debidamente acreditada/o e inscrita/o no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, de ser o caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, con indicación do importe e da súa procedencia.

e) De ser o caso, os tres orzamentos que se exixen en aplicación do artigo 29.3 da Lei 9/2007.

Os órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.

4. Transcorrido o prazo establecido de xustificación sen tela presentado, de conformidade co disposto polo artigo 45.2 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, requirirase a persoa beneficiaria para que, no prazo improrrogable de dez días, a presente. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e a exixencia de reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións. A presentación da xustificación no prazo adicional non eximirá a persoa beneficiaria das sancións que legalmente correspondan. Os órganos competentes poderán solicitar as aclaracións ou informes relativos á xustificación do investimento que consideren convenientes.



**Artigo 21. *Pagamento***

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, e antes de proceder ao seu pagamento, os órganos competentes da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. O importe da subvención aboarase nun único pagamento, mediante transferencia bancaria á entidade financeira, ao número de conta designado pola persoa beneficiaria, sen prexuízo do recollido no artigo 6 referido aos pagamentos á conta.

3. As subvencións minoraranse proporcionalmente se o investimento xustificado é inferior ao orzamento que serviu de base para a resolución de concesión, sempre que estaa garantida a consecución do obxecto. En caso de concorrencia con outras subvencións ou axudas, observarase o establecido no artigo 2 desta orde.

**Artigo 22. *Incumprimento, reintegros e sancións***

1. Nos supostos de falta de xustificación, de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia ou de incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, producirase a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia dos xuros de mora correspondentes desde o momento do pagamento da subvención, incluíndo a data en que se acorde a procedencia do reintegro.

2. O procedemento para declarar a procedencia da perda deste dereito será o establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia.

3. Incumprimento parcial: sempre que se cumpran os requisitos ou condicións esenciais tomados en conta na concesión das axudas, a Dirección Xeral de Comercio e Consumo poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivese a condición incumplida na resolución de concesión e, se é o caso, establecendo a obriga de reintegro.



O alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas na dita proporción.

Para os efectos do disposto no parágrafo anterior, entenderase incumprimento total, co reintegro do total da cantidade percibida para as actuacións establecidas no artigo 4, cando o antedito incumprimento supere o 40 % do investimento subvencionable.

4. Ás persoas beneficiarias das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da dita Lei 9/2007.

5. Para os efectos establecidos neste artigo, non se considerará incumprimento a non admisión para a participación nas feiras, o cal deberá ser suficientemente acreditado.

#### Artigo 23. *Control*

1. A Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Ademais do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercido pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como, de ser o caso, ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

#### Artigo 24. *Publicidade*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas, con indicación da norma reguladora, persoa beneficiaria, crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Non obstante o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a 3.000,00 euros, non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións



concedidas na páxina web da Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

Artigo 25. *Remisión normativa*

Para todo o non establecido nestas bases aplicarase o previsto na Lei 9/2007; no Regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro; na Lei 39/2015; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, e modificado pola Lei 5/2000, do 28 de decembro; na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia vixente na anualidade; no Regulamento (UE) 1407/2013 da Comisión, do 18 de decembro de 2013, relativo á aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado de funcionamento da Unión Europea ás axudas *de minimis* (DOUE 24.12.2013, L352/1), e no resto de normativa que resulte de aplicación.




**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO II

PROCEDEMENTO <b>SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR ARTESÁN</b>	CÓDIGO DE PROCEDEMENTO <b>IN201G</b>	DOCUMENTO <b>SOLICITUDE</b>
---	---	--------------------------------

<b>DATOS DA PERSOA SOLICITANTE</b>							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	
TIPO	NOME DA VÍA			NÚM.	BLOQ.	ANDAR	PORTA
<input type="text"/>	<input type="text"/>			<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
PARROQUIA				LUGAR			
<input type="text"/>				<input type="text"/>			
CÓDIGO POSTAL	PROVINCIA	CONCELLO		LOCALIDADE			
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>		<input type="text"/>			
TELÉFONO 1	TELÉFONO 2	CORREO ELECTRÓNICO					
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>					

<b>E, NA SÚA REPRESENTACIÓN</b> (deberá acreditarse a representación fidedigna por calquera medio válido en dereito)							
NOME/RAZÓN SOCIAL		PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NIF	
<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>		<input type="text"/>	

<b>DATOS PARA OS EFECTOS DE NOTIFICACIÓN</b>	
Todas as notificacións ás persoas interesadas realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de notificación electrónica de Galicia-Notifica.gal <a href="https://notifica.xunta.gal">https://notifica.xunta.gal</a> Só se poderá acceder á notificación co certificado electrónico ou Chave365. Enviaranse avisos da posta á disposición da notificación ao correo electrónico e/ou teléfono móbil facilitados a seguir e que se poderán cambiar en calquera momento a través de Notifica.gal:	
TELÉFONO MÓBIL	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>

<b>DATOS BANCARIOS</b>	
Declaro baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada.	
TITULAR DA CONTA	NÚMERO DA CONTA BANCARIA (24 DÍXITOS)
<input type="text"/>	IBAN <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/> <input type="text"/>

<b>TIPO DE SOLICITANTE</b>		
<input type="radio"/> Titular de obradoiro artesanal	<input type="radio"/> Asociación profesional e empresarial de artesáns/ás	<input type="radio"/> Concello





**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN

**ANEXO II**  
(continuación)

**ACTUACIÓNS SUBVENCIONABLES**

1) TITULARES DE OBRADOIROS ARTESANAIS (artigo 4.1)

A) ACTUACIÓNS DE COMERCIALIZACIÓN FÍSICA. TÍCKETS

NÚMERO DE TÍCKETS FEIRAS PROFESIONAIS (máx. 6 tickets/obradoiro)						NÚMERO DE TÍCKETS FEIRAS NON PROFESIONAIS (máx. 6 tickets/obradoiros)			NÚMERO DE TÍCKETS FEIRAS NADAL (máx. 3 tickets/obradoiro importe máx. 1.500,00 €)		TOTAL IMPORTE TÍCKETS ASISTENCIA FEIRAS POR OBRADOIRO (importe máximo de subvención 8.000,00 € sen IVE)
Nº de tickets 500,00 €	Nº de tickets 1.000,00 €	Nº de tickets 1.500,00 €	Nº de tickets 2.000,00 €	Nº de tickets 3.000,00 €	Importe total	Nº de tickets 400,00 €	Nº de tickets 750,00 €	Importe total (sen IVA)	Nº de tickets	Importe total	

B) ACTUACIÓNS DE COMERCIALIZACIÓN FÍSICA. FEIRAS REALIZADAS

FEIRAS PROFESIONAIS		FEIRAS NON PROFESIONAIS		FEIRAS NADAL 2020/21 (máx. 3 feiras e 1.500,00 € por feira IVE excluído)	
Nº de feiras profesionais	Importe (sen IVE)	Nº de feiras non profesionais	Importe (sen IVE)	Nº de feiras Nadal 2020/21	Importe total (sen IVE)

2) CONCELLOS

ACTUACIÓN (artigo 4.2) Organización de: A) Feiras monográficas B) Feiras non monográficas	DESCRIPCIÓN DE CADA UNHA DAS ACTUACIÓNS (débens corresponder cos tipos especificados na columna anterior)	Nº DE EDICIÓN	PERÍODO DE EXECUCIÓN	IMPORTE DO INVESTIMENTO (IVE incluído) (importe máximo de subvención 15.000,00 €)

3) ASOCIACIÓNS PROFESIONAIS E EMPRESARIALES DE ARTESÁNS/ÁS

ACTUACIÓNS (artigo 4.3) Organización de feiras de artesanía no ámbito da Comunidade Autónoma			
NOME DO EVENTO FEIRAL	Nº DE EDICIÓN	PERÍODO DE EXECUCIÓN	IMPORTE DO INVESTIMENTO (sen IVE) (importe máximo de subvención por certame 30.000,00 €)





**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN

**ANEXO II**  
(continuación)

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	IMPORTE (€)

2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha axuda *de minimis*.
- Si solicitou e/ou se lle concederon axudas *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

ORGANISMO	ANO	DISPOSICIÓN REGULADORA	IMPORTE (€)

Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos.
4. Non estar incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
5. Non estar incursa en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas prevista nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
6. Así mesmo, declara, baixo a súa responsabilidade, que o concello está ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.
7. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
8. Que respecta a prohibición de subcontratación con terceiros nos cales se dea algunha das condicións establecidas no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e 43 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
9. Que as persoas ou entidades subcontratadas para a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención:
- Non están vinculadas coa entidade solicitante ou cos seus órganos directivos ou xestores.
- Si están vinculadas coa entidade solicitante, polo que se achega a xustificación e solicitude de autorización previstas no artigo 19 da orde de convocatoria.
10. Que a dita empresa non ten a consideración de empresa en crise conforme a definición prevista no artigo 2, número 18, do Regulamento (CE) nº 651/2014, do 17 de xuño de 2014, polo que se declaran determinadas categorías de axudas compatibles co mercado interior en aplicación dos artigos 107 e 108 do Tratado (DOUE do 26.6.2014, L 187/1).





**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN

**ANEXO II**  
(continuación)

**DOCUMENTACIÓN QUE SE PRESENTA OU XA PRESENTADA CON ANTERIORIDADE**

**Para asociacións profesionais e empresariais de artesáns/ás**

- Certificado expedido pola persoa que exerza a secretaría ou representación da asociación profesional e/ou empresarial de artesáns/ás que acredite a relación de persoas asociadas que a integran, indicando o seu NIF correspondente

**Para concellos**

- Xustificante de que se encontra ao día na rendición de contas xerais diante do Consello de Contas de Galicia

**Para titulares de obradoiros artesáns**

- No caso de que solicite feiras das cales xa dispón da documentación xustificativa (artigo 5.1.3.1), documentación segundo o artigo 20

**Para asociacións profesionais e empresariais de artesáns/ás e concellos**

- Memoria explicativa do evento (anexo V)
- Bosquexo do recinto feiral

**Para todos/as os/as solicitantes**

- Facturas, facturas *pro forma* ou orzamentos detallados dos gastos previstos

De concorreren os requisitos do artigo 5.1.3.3 (cando o importe do gasto supere as contías para o contrato menor establecidas na Lei 9/2017) achegarase a seguinte documentación:

- Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas detalladas dos investimentos sobre os cales se solicita a axuda, obtidos dos/das provedores/as seleccionados/as pola entidade solicitante, con independencia da contía dos investimentos
- Copia ordenada de todos e cada un dos orzamentos e ofertas que non foron seleccionados pola entidade solicitante para a realización do proxecto
- Memoria económica xustificativa da elección dos/das provedores/as, nos seguintes casos:  
- Cando a elección do/da provedor/a non recaia na oferta económica máis vantaxosa, das tres que como mínimo obtivo a entidade solicitante.  
- Cando non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.  
Non existe a obriga de presentar esta memoria xustificativa cando a elección do/da provedor/a recaia na oferta máis vantaxosa.
- Anexo IV, no caso de agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, comunidades de bens ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado

**Para asociacións profesionais e empresariais de artesáns/ás e comunidades de bens**

	ÓRGANO	CÓD. DE PROC.	ANO
<input type="checkbox"/> Acta, escritura ou documento de constitución, estatutos e modificacións debidamente legalizados			
<input type="checkbox"/> Poder bastante para actuar ante a Administración da persoa representante legal da entidade solicitante			
<input type="checkbox"/> Documentación acreditativa da exención do imposto sobre o valor engadido (IVE), se é o caso			

**Documentación que non será obxecto de requirimento, só para os efectos de valoración**

- Acreditación de participación ou organización de cursos de formación nos últimos doce meses, se é o caso
- Acreditación de páxina web ou sitio da internet, redes sociais para uso comercial (Facebook, Twitter, Instagram...), se é o caso

CVE-DOG: rgzdo4m1-ocw9-tsi2-g2w8-0g7swlcbzav4






**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPRESA E INNOVACIÓN

**ANEXO II**  
 (continuación)

**COMPROBACIÓN DE DATOS**

Os documentos relacionados serán obxecto de consulta ás administracións públicas. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente e achegar unha copia dos documentos.	OPÓÑOME Á CONSULTA
DNI/NIE da persoa solicitante	<input type="checkbox"/>
DNI/NIE da persoa representante	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento coa Seguridade Social	<input type="checkbox"/>
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas coa Administración pública da Comunidade Autónoma	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións de subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas	<input type="checkbox"/>
Consulta de concesións pola regra de <i>minimis</i>	<input type="checkbox"/>
<b>CONSENTIMENTO PARA A COMPROBACIÓN DE DATOS</b> A persoa interesada autoriza a consulta a outras administracións públicas dos seguintes datos. De non autorizar a consulta, deberá achegar o documento correspondente.	AUTORIZO A CONSULTA
NIF da entidade solicitante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
NIF da entidade representante	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON
Certificado de estar ao día no pagamento de obrigas tributarias coa AEAT	<input type="radio"/> SI <input type="radio"/> NON

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXP e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos da súa competencia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a>
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**LEXISLACIÓN APLICABLE**


Orde do 9 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións para o fomento da comercialización da artesanía galega e o impulso da competitividade do sector artesán e se convocan para o ano 2021 (código de procedemento IN201G).

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 


Dirección Xeral de Comercio e Consumo


 Este formulario só poderá presentarse nas <https://sede.xunta.gal> formas previstas na súa norma reguladora

CVE-DOG: rgzdo4m1-ocw9-tsl2-g2w8-0g7swicbzav4


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN

ANEXO III

**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS**

IN201G - SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR ARTESÁN

**DATOS DA PERSOA SOLICITANTE**

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**E, NA SÚA REPRESENTACIÓN**

NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

**A PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE DECLARA:**

1. Que en relación con outras axudas concedidas ou solicitadas:

- Non solicitou nin se lle concedeu ningunha outra axuda para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención.
- Si solicitou e/ou se lle concederon outras axudas para este mesmo proxecto ou conceptos para os cales se solicita esta subvención, que son as que a seguir se relacionan:

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE (€)

 2. Que en relación coas axudas *de minimis*:

- Non obtivo ningunha subvención ou axuda pública, por calquera concepto, suxeita ao réxime *de minimis*.
- Si obtivo ou solicitou outras subvencións e/ou axudas públicas, por calquera concepto, suxeitas ao réxime *de minimis*, que son as que a seguir se relacionan:

CONVOCATORIA (1)	ORGANISMO	CÓDIGO EXPEDIENTE (2)	S/C/P (3)	DATA	IMPORTE (€)

(1) Indíquese a orde da convocatoria da axuda ou subvención para a cal se solicitaron ou recibiron axudas doutros organismos.

(2) De non coñecerse o código de expediente, reflíctese o programa ou liña de axudas do organismo.

(3) Indíquese a situación actual da axuda: S (solicitada), C (concedida), P (pagada).

 Así mesmo, comprométese a comunicar inmediatamente cantas axudas solicite e/ou obteña en réxime *de minimis* doutras administracións públicas ou doutros entes públicos, nacionais ou internacionais, a partir da data desta declaración.

3. Non estar incurso en ningunha clase de inhabilitación para a obtención de axudas conforme ao artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

4. Estar ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Regulamento de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

5. Así mesmo, declara, baixo a súa responsabilidade, que o concello se encontra ao día no cumprimento das súas obrigas coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda.

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data

 ,  de  de 



Dirección Xeral de Comercio e Consumo




**XUNTA DE GALICIA**  
 VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
 CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
 EMPRESA E INNOVACIÓN

**ANEXO IV**
**DECLARACIÓN-COMPROMISO PARA OS EFECTOS DO SINALADO NO ARTIGO 8.3 DA LEI 9/2007, DO 13 DE XUÑO, DE SUBVENCIÓNS DE GALICIA**

(só no caso de que a solicitante sexa unha comunidade de bens)

IN201G - SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR ARTESÁN

Para os efectos de facer efectivo o cumprimento da normativa recollida no artigo 8.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NOME DO MEMBRO DA AGRUPACIÓN	NIF	COTA DE PARTICIPACIÓN NA AGRUPACIÓN (%)	COMPROMISO DE EXECUCIÓN PARA ESTE PROXECTO (%)	IMPORTE APLICABLE DE SUBVENCIÓN (%) (sen IVE)	SINATURA

 Na súa calidade de membros dunha comunidade de bens, sociedade civil ou calquera outro tipo de unidade económica ou patrimonio separado sen personalidade xurídica  con NIF .

**INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS**

Responsable do tratamento	Xunta de Galicia. Vicepresidencia Segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.
Finalidades do tratamento	Tramitar este procedemento, verificar os datos e documentos que a persoa interesada achegue na súa solicitude para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación. Así mesmo, os datos persoais incluíranse na Carpeta cidadá de cada persoa interesada para facilitar o acceso á información, tanto persoal como de carácter administrativo.
Lexitimación para o tratamento	O cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento de obrigas legais impostas ao dito responsable (artigos 6.1, letras c) e e) do RXPd e 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais). En concreto, a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, así como na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.
Destinatarios dos datos	As administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos procedementos da súa competencia.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, de ser o caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <a href="https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos">https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos</a> .
Contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información	<a href="https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos">https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos</a>

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

 Lugar e data ,  de  de 



Dirección Xeral de Comercio e Consumo

CVE-DOG: rgzdo4m1-ocw9-1s12-g2w8-0g7swlcbzav4


**XUNTA DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E  
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA,  
EMPRESA E INNOVACIÓN

**ANEXO V**
**INFORMACIÓN E MEMORIA DAS CARACTERÍSTICAS DO EVENTO FEIRAL**

(só no caso de organización de feiras promovidas polos concellos ou asociacións profesionais e empresariais de artesáns/ás)

IN201G - SUBVENCIÓN PARA O FOMENTO DA COMERCIALIZACIÓN DA ARTESANÍA GALEGA E IMPULSO DA COMPETITIVIDADE DO SECTOR ARTESÁN

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN			
NOME/RAZÓN SOCIAL	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NIF
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

A entidade organizou a seguinte feira de artesanía e os datos que se relacionan son certos:

NOME DA FEIRA

DATA DE REALIZACIÓN	HORARIO	LOCALIDADE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

NÚMERO DE EDICIÓN (incluída a edición en curso)	NÚMERO DE EXPOSITORES INSCRITOS NA SECCIÓN SEGUNDA DO REXISTRO DE ARTESANÍA DE GALICIA (obradoiros artesáns)	NÚMERO TOTAL DE EXPOSITORES DE PRODUTOS ARTESANAIS (incluídos os obradoiros artesáns)
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

INCLÚE NO SEU PROGRAMA DEMOSTRACIÓN DE OFICIOS ARTESANAIS EN VIVO  SI  NON


RELACIÓN DE OFICIOS CONVOCADOS

RELACIÓN DE EXPOSITORES INSCRITOS NA SECCIÓN SEGUNDA DO REXISTRO DE ARTESANÍA DE GALICIA (obradoiros artesáns) COS NÚMEROS DOS SEUS CORRESPONDENTES NIF

NOME DO TITULAR DO OBRADOIRO	NIF

**SINATURA DA PERSOA SOLICITANTE OU REPRESENTANTE**

Lugar e data  
,  de  de



Dirección Xeral de Comercio e Consumo

CVE-DOG: rgzdo4m1-ocw9-1s12-g2w8-0g7swicbzav4



**XUNTA  
DE GALICIA**

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<https://www.xunta.gal/diario-oficial-galicia>